



Expediente:	76/142
Asunto:	Xustificación de subvención nominativa para o expediente “Orzamento municipal 2023” Identificación da entidade beneficiaria: Nome: <b>“Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar”</b> <b>(entidade pública da Xunta de Galicia)</b> CIF: S 1500072 B  Contía da subvención exercicio 2023: 241.000,00 € Exercicio orzamentario: 2023 Programa: <i>Igualdade de Xénero</i> 2311 453 9000
Informe emitido a petición da Dirección Superior contable e Orzamentaria mediante escrito de data 17.06.2022	
Liñas estratéxicas coas que se corresponde segundo o Plan Estratéxico de Subvencións 2021/2023: 1.6; 2.5;	

**INFORME:**

O artigo 25.2 o) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) sinala que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, as actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero.

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero. No seu artigo 1, inclúe dentro do seu obxecto a prestación de asistencia ás mulleres, ós seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela e garda e custodia, vítimas desta violencia. Recoñece tamén, no seu artigo 19, o dereito á asistencia social integral para as vítimas e a competencia para a súa organización por parte das Comunidades autónomas e das Corporacións Locais.

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, imponlles aos poderes públicos o establecemento de medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e, en concreto, ás Entidades Locais o deber de integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborar, para tal efecto, co resto das Administracións públicas.

Pola súa banda, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, do Parlamento de Galicia, para o tratamento integral da violencia de xénero establece (art. 48) a “Rede galega de Acollemento” e define os centros de acollida como recursos especializados residenciais temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e os menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece a estrutura do sistema de servizos sociais, consonte a dous niveis de actuación e establece as competencias dos Concellos e da Comunidade Autónoma na materia.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia ten por obxecto a regulación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e o réxime de autorización, acreditación e inspección de servizos sociais, de conformidade co disposto na Lei 13/2008.

Finalmente, o “IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo”, contempla entre os seus obxectivos específicos garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero e, entre as actuacións a poñer en marcha, a potenciación e o incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 10:20	Páxina 1 de 2
76-142	CSV: A7A6B7-5CBB32-4EAAAD-6C2LD2-B1JD3M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (entidade pública da Xunta de Galicia) creouse en xullo de 2006 tendo como misión principal, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local no ámbito territorial dos entes consorciados. Entre as súas finalidades ten por obxecto implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e garantir o acceso de todas as galegas e galegos a uns servizos sociais públicos de calidade a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente, incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións e realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar reposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio. O Concello de Vigo adheriuse ao Consorcio por medio do Convenio asinado con data 02.02.2007.

En data 02.10.2019 o Concello de Vigo e o Consorcio Galego asinaron o convenio de colaboración para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero (CEMVI) para o período 2019-2023. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.09.2019.

Este convenio ten por obxecto regular a xestión e o mantemento do CEMVI establecendo o marco da colaboración entre o Consorcio e o Concello de Vigo e definindo as achegas de cada unha das partes e as obrigas e compromisos que adquiren, de acordo sempre cos principios de atención de emerxencia, especializada e multidisciplinar.

O CEMVI, integrado na Rede Galega de Acollemento, ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e a súa prole que se atopen nunha situación de malos tratos e garantirles un acollemento de emerxencia e temporal. O Centro garante unha atención continuada ás usuarias todos os días do ano, incluídos sábados, domingos e festivos.

Segundo queda establecido na cláusula Oitava do convenio aprobado, o Concello de Vigo asumiu o compromiso de ceder ao Consorcio o uso do inmovible da titularidade municipal no que se empraza actualmente o CEMVI (co seu equipamento e mobiliario) e colaborar no financiamento dos gastos derivados do funcionamento e mantemento do centro cunha achega anual de 241.000,00 €.

Os fins desta entidade beneficiaria cumpre cos obxectivos do Concello de Vigo a prol da igualdade de oportunidades, e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres ao acadar co desenvolvemento deste proxecto os seguintes obxectivos estratéxicos: “Garantir a atención integral das mulleres (e persoas delas dependentes) en situación de violencia de xénero” e “Proporcionar unha residencia temporal que cubra as necesidades básicas e de seguridade diante dunha situación de crise e emerxencia vital e de ruptura de vínculos co agresor”.

#### Polo anteriormente exposto:

Co obxecto de cumprir o compromiso establecido polo Concello de Vigo no convenio asinado co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento da “Xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero (2019-2023)” para facer fronte á anualidade do convenio correspondente ao exercicio 2023 (241.000 €) será preciso que no Orzamento finalmente aprobado para o exercicio 2023 se consigne crédito adecuado, necesario e suficiente a nome da entidade “Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar” (entidade pública da Xunta de Galicia) na partida 2311 4539000 do programa “Igualdade de Xénero”.

A dita subvención enmárcase nas seguintes liñas estratéxicas do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo para o período 2021/2023, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 21.05.2021: Liña estratéxica 1.6 “Atención ás persoas con necesidades especiais en orde a evitar a exclusión social e ausencia de cobertura das necesidades vitais esenciais” (situacións de emerxencia) e Liña estratéxica 2.5 “Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais (víctimas de violencia de xénero).

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do servizo de Igualdade; Cristina Gómez García

CONFORME:

A Concelleira delegada de Igualdade; Eugenia D. Blanco Iglesias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 10:20	Páxina 2 de 2
76-142	CSV: A7A6B7-5CBB32-4EAAAD-6C2LD2-B1JD3M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		